



CONCELLO DE REDONDELA

1/18

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA
8 DE FEBREIRO DE 2018

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Proposta orzamentos participativos ano 2018
3. Informar sobre as obras realizadas.
4. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M^a José Barciela Barros

Como representantes dos grupos municipais:

- Isaac Borja Araújo Figueroa (PsdeG-PSOE)
- Roberto Darriba Ferradás (AER)
- Xoan Carlos González Campo (BNG);

Como representante da Comunidade de Montes:

- M^a José Fabre Ferverza

Excusa a súa ausencia José Luis Villaverde Campo, representante do grupo municipal do Partido Popular; Eloy Quiñones Guisande e Claudino Rodríguez Gómez, representantes da asociación de veíños

Non asisten nin excusan a súa ausencia: as representantes da ANPA: Lorena Rodríguez Vilaboa e Beatriz López Alonso; os representantes da comunidade de augas: Francisco Javier Sánchez Martínez e Bernardo Casas Montero.

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

Na casa do concello, a oito de febreiro de dous mil dezaioito, previa convocatoria reuníronse os/as membros arriba nomeados do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.



CONCELLO DE REDONDELA

Dado que fallan os/as representantes dos colectivos relativos á asociación de veciños, ANPA, comunidade de Augas e un membro da asociación de Montes, a presidenta do consello propón aos membros presentes non celebrar a xuntanza, xa que un dos puntos da orde do día é “Proposta orzamentos participativos ano 2018”, ao considerar que estes colectivos, que teñen incidencia na parroquia, deben realizar as súas propostas, ao obxecto de que sexan votadas neste consello.

Os membros presentes mostran a súa conformidade coa presidenta e se decide non celebrar a xuntanza, sendo as vinte e corenta e cinco minutos da data antes indicada.

Polo que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do consello, DOU FE.